

Dende **FANPA Pontevedra**, como organizadores e responsables do servizo de conciliación que vimos organizando todos os anos no Concello de Pontevedra empregando os espazos dos centros de ensino nos que formamos comunidade educativa, dereito recollido no artigo 9.1 do capítulo III da [Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria](#), queremos **DENUNCIAR** os seguintes feitos:

1. Que a xestión da actividade de ludotecas de verán son unha ferramenta fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar nos tempos non lectivos da educación pública. O ano pasado os campamentos de verán deron servizo a familias de 2.300 menores, cifra que fala ben ás claras sobre a demanda e a importancia deste servizo.
2. Que os directores dos centros de ensino onde se desenvolven as ludotecas levan cedendo os espazos para esta actividade de xeito ordinario durante os case 10 anos que FANPA Pontevedra leva organizando esta actividade, sen maiores incidencias.
3. Que este ano atopámonos cun procedemento extraordinario imposto pola Xefatura Territorial de Pontevedra sen ningún tipo de fundamento xurídico, impondo unha autorización previa do Servizo de Inspección Educativa que non está amparado por decreto ou orde ningunha.
4. Que as ludotecas comezan o 1 de xullo, data na que xa non existirá estado de alarma se o proceso de desescalada continúa pola senda actual. Pero xa agora mesmo hai instrucións no Boletín Oficial do Estado que permitirían desenvolver a actividade na Fase 3 da desescalada.
5. Que con este procedemento os prazos para a concesión dos espazos vanse dilatar máis alá do inicio da ludoteca, o 1 de xullo, o que vai supoñer a anulación das mesmas total ou parcialmente.
6. Que é perfectamente posible a concesión dos espazos para o desenvolvemento das ludotecas de verán condicionadas ao cumprimento das medidas sanitarias ou organizativas que sexan necesarias, e mesmamente condicionadas a que na data de realización das mesmas sexan viables legalmente polo desenvolvemento da pandemia.

Coas cuestións expostas anteriormente, queremos **COMUNICAR**:

1. Que FANPA Pontevedra vai continuar o proceso de organización das ludotecas atendendo ao dereito da comunidade educativa a empregar os espazos para este fin, tal como se ven facendo ano tras ano e como está desenvolvido na lexislación educativa.

2. Que o 1 de xullo FANPA Pontevedra e as familias estaremos diante dos centros onde temos solicitado os espazos para dar o servizo de ludotecas como vimos facendo ano tras ano.
3. Que se nese momento non temos autorización para empregar os espazos e non se pode realizar a ludoteca, procederemos a demandar á Consellería de Educación polos danos que tanto FANPA Pontevedra como as familias poidamos sufrir, económicos ou morais, e a denunciar nas xurisdicións que consideremos oportunas, civil, administrativa ou penal, aos funcionarios que impidan o exercicio dun dereito recollido na lexislación educativa vixente.

Pontevedra, 4 de xuño de 2020.

Rogelio Carballo Solla

Presidente FANPA Pontevedra